

# Informa

marzo 2007

**STEG**

Sindicato de Traballadoras e  
Traballadores do Ensino de Galicia

**8 DE MARZO '07**

**COMPARTINDO COIDADOS E AFECTOS  
COMPARTIMOS A VIDA**



**2**

Manifesto 8 de marzo 2007  
**Compartindo coidados e  
afectos compartimos a  
vida**

**COLABORACIÓN**

A voltas coa coeducación

**CALENDARIO 2007**

Tempo de mulleres  
mulleres no tempo

**3**

**Tampouco existimos  
donde somos maioría**

O 80% dos nomes dos centros  
educativos de Galicia son  
masculinos

**DE MEL E FEL**

**4**

**Elixe: compartir ou  
discriminar**

**Para ver..**

**Para ler...**

Na nosa páxina web tedes á vosa  
disposición unidades didácticas  
sobre o 8 de marzo para traballar  
en, Educación Primaria e  
Educación Secundaria

[www.stegsindicato.org/muller.htm](http://www.stegsindicato.org/muller.htm)

[stegmuller@stegsindicato.org](mailto:stegmuller@stegsindicato.org)

# Compartindo cuidados e afectos compartimos a vida

Este ano no que se aprobou a Lei de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e no que o debate sobre os cuidados se formulou como un debate económico de primeira orde, **a Asemblea de Mulleres do STEG quere dedicar o 8 de marzo a reivindicar a importancia social dos cuidados**. Se se pretende que esta lei constitúa o cuarto alicerce do estado de Benestar (xunto con educación, sanidade e pensións), inicia o seu camiño xa eivada, porque carece do carácter universal e gratuito que teñen as anteriores, xa que só chegará nos próximos anos (ata 2015) e no mellor dos casos, a un 40% da poboación dependente, con dependencias moi severas. A forma de financiamento é a través de co-pago, utilizando o criterio de renda e patrimonio, e engádesse un "salario" aproximado de 400 euros ás cuidadoras que non realicen ningún cuidado remunerado", aínda que deberán cotizar por iso á seguridade social.

Cremos que este tipo de medidas provocará que sigan recaendo sobre as mulleres os traballos de cuidados e xa que logo, creando nas cuidadoras problemas de saúde, emprego, pouco tempo de descanso, de lecer e de vida persoal, así como fortes sentimentos de culpabilidade cando nos vemos na imposibilidade de chegar con suficiencia a todo o que se nos esixe. Ademais a lei declara que a administración vai facilitar a participación da iniciativa privada en servizos e prestacións e moito tememos que isto signifique que os cuidados acaben finalmente realizados por mulleres subcontratadas de empresas privadas cuns discutíbeis dereitos laborais e salariais.

Mentres, os homes inhíbense destas actividades e o mercado de traballo segue sen se reestruturar para se adaptar a esta realidade. O debate desta lei puxo de manifesto que existe un baleiro na forma de cubrir as necesidades do cuidado da poboación que o sistema xa non pode nin ocultar nin invisibilizar como fixo ata agora. A falta de corresponsabilidade dos homes nas actividades de cuidados únese unha importante carencia

de servizos públicos neste terreo, que pensamos que a lei non vai paliar. Polo dito anteriormente consideramos necesario

- un cambio de mentalidade e actitude nos homes
- unha adaptación do tempo de traballo remunerado para que permita a conciliación e dedicación a outras actividades persoais, familiares e sociais
- unha maior inversión pública e dinamización dos servizos sociais
- un cambio dos modelos existentes e a introdución de modelos alternativos que permitan liberar as familias o cuidado de persoas dependentes se iso é demandado

O cuidado de persoas dependentes ten, xa que logo, que ser unha responsabilidade social prioritaria asumida por homes e mulleres, e polo Estado. Por outra parte queremos facer unha chamada de atención crítica aos deseños e efectos das políticas actuais en materia de xénero, laboral ou de estranxeiría, por citar algunhas, que perseguen redistribuír e transferir a carga social do cuidado a empresas privadas nun contexto de diminución dos servizos públicos.

Desde a Asemblea de Mulleres de STEG queremos cuestionar as perversidade dun sistema económico que nega a súa responsabilidade social na sostibilidade da vida excluindo e ocultando a múltiples colectivos sociais. Por iso o STEG reivindica que a titularidade dos dereitos sexa individual e universal, isto implica que o que de orixe aos dereitos non sexa unha previa contribución social, senón a condición mesma de cidadanía.

Reivindicamos un sistema económico no que se parta do recoñecemento da interdependencia entre as persoas e no que os suxeitos sexan axentes activos para se inserir nas redes de cuidados e de sostibilidade da vida que libremente escollan.

Só así será posíbel a igualdade real e a xustiza.

Cremos que este tipo de medidas provocará que sigan recaendo sobre as mulleres os traballos de cuidados

Mentres, os homes inhíbense destas actividades e o mercado de traballo segue sen se reestruturar para se adaptar a esta realidade

A lei declara que a administración vai facilitar a participación da iniciativa privada en servizos e prestacións

O cuidado de persoas dependentes ten, xa que logo, que ser unha responsabilidade social prioritaria asumida por homes e mulleres, e polo Estado

Desde a Asemblea de Mulleres de STEG queremos cuestionar as perversidade dun sistema económico que nega a súa responsabilidade social na sostibilidade da vida

Reivindicamos un sistema económico no que se parta do recoñecemento da interdependencia entre as persoas

## COLABORACIÓNS

### A voltas coa coeducación

Desde que se implantou a Lei Xeral de Educación en 1970 e temos unha escola mixta, xeneralizouse a crenza de que o ensino xa era igual para alumnos e para alumnas: as mesmas materias, o mesmo profesorado, as mesmas aulas. Tamén hoxe a maioría do profesorado está convencido de que trata igual uns e outras. É isto coeducar?

A Coeducación non é un fin en si mesma senón que é un dos medios para chegar a unha sociedade máis igualitaria, máis xusta. Pero despois de tantos anos e de varias reformas vai resultar que seguimos impartindo clase en escolas mixtas pero non coeducadoras. O sistema escolar avanzou en dotarnos dunha igualdade formal (os mesmos plans de estudo para alumnos e alumnas, o mesmo tipo de avaliacións, o mesmo espazo...) pero seguimos transmitindo un modelo sexista na

escola:

- Os libros de texto seguen carecendo de referentes femininos (escaso ou nulo número de mulleres nos manuais de ciencias, historia, filosofía, literatura...)
- A linguaxe utilizada nos centros escolares segue sendo discriminatoria e sexista (sala de profesores, claustro de profesores, reunións cos títos, convocatoria da asociación de pais....)
- Aínda que o ensino é un sector feminizado os órganos de goberno dos centros escolares están maioritariamente en mans dos homes.
- Seguimos a reproducir estereotipos de xénero nas aulas, tanto na relación que mantemos co alumnado (distinta forma de dirixirnos a eles ou a elas; chamadas de atención, etc) como nos modelos que transmitimos (o profesor de matemáticas, a profesora de historia).
- Algunhas das carencias do sistema escolar poderían solucionarse coa vontade da Administración educativa:
  - Coidar a edición dos libros de texto para que se incluíse mulleres como suxeitos activos e axentes na historia, nas ciencias, nas matemáticas.

- Evitar o uso dunha linguaxe discriminatoria cara ás mulleres e potenciar unha linguaxe non sexista tanto nos libros de texto coma nos documentos oficiais.

- Incluír no currículo escolar aquelas materias que por ser propias de mulleres desapareceron (labores do fogar, cociña) e que servirán para que os rapaces adquiran habilidades do ámbito doméstico..

Outras pertencen aos retos que hai que afrontar na formación do profesorado. Do mesmo xeito que o profesorado recibiu cursiños de lingua galega para poder impartir clases de sociais, naturais... en galego; ou que adquiriu coñecementos de informática para poder impartila nas aulas. Daquela xa é hora de que se poñan os medios para que ese profesorado que hoxe é transmisor de actitudes sexistas se transforme en axente de igualdade.

Felicia Estevez

Consello de redacción da revista de pensamento feminista Andaina

## CALENDARIO 2007

A Asemblea de Mulleres do STEG en colaboración co Instituto de la Mujer, volveu editar para este ano 2007 un Calendario de Mulleres co lema "**Tempo de Mulleres, Mulleres no Tempo**".



Neste calendario, nun formato similar ao de 2006, quixemos realizar unha homenaxe especial ás mulleres que loitaron pola consecución do voto feminino en España, hai agora 75 anos. É importante lembrar que a partir dese momento, os dereitos políticos das mulleres comezaron a abrirse camiño en igualdade de condicións que os dos homes.

Este ano as actividades de reflexión e investigación que preparamos para cada mes, están ligadas fundamentalmente aos dereitos que as mulleres fomos conseguindo coa nosa loita ao longo dos anos. A igualdade, a conciliación da vida persoal e laboral, o cuidado das persoas dependentes, ou a violencia que se exerce contra nós, son o obxecto preferente de atención.

Ademais, 50 destas entradas corresponden a referencias de mulleres galegas, e ás súas achegas á

arte, á ciencia, ao coñecemento, ao deporte, á xustiza social... Achegas que na súa grande maioría foron ignoradas e invisibilizadas.

Aínda hoxe en día, o saber androcéntrico da nosa cultura, nega á maioría destas mulleres, e a tantas outras, o recoñecemento que merecen. Desde a **Asemblea de Mulleres do STEG** realizamos un arduo traballo para, a partir dos estudos de xénero, recuperar os seus nomes, as súas vidas, as súas historias, os seus contributos e, a partir delas, propor reflexións.

Agardamos que sexa un material útil e valioso para os centros docentes, tan necesitados de superar os estereotipos de xénero e avanzar cara a un modelo verdadeiramente coeducativo. Esperamos e desexamos, tamén, que contribúa a emendar a inxustiza cometida con tantas mulleres e a fomentar unha ollada crítica e unha sensibilidade sen exclusións nin prexuízos.

# TAMPOUCO EXISTIMOS ONDE SOMOS MAIORIA

O 80% dos nomes dos centros educativos de Galiza son masculinos

A educación, e concretamente o sistema educativo, é unha institución que crea e transmite coñecementos e valores. A información e as mensaxes que recibimos na escola deben revisar as pautas sexistas que desde a sociedade chegan ao alumnado. Entre estas pautas atopamos a pouca visibilización da participación das mulleres en tódolos ámbitos.

Si nos centramos nos nomes dos centros educativos de Galiza atopamos que esta visibilización é mínima xa que feita a análise sobre a totalidade dos centros, unha vez retirados os nomes dos centros denominados con

topónimos, atopamos que **só un 20% dos centros teñen nome feminino fronte o 80% con nome masculino.**

Na **Asemblea de Mulleres do STEG** pensamos que o que se pon de manifesto neste estudo é que o conxunto dos nomes dos centros educativos de Galiza reflexan unha imaxe social das mulleres que non é realista. Imaxe baseada incluso en estereotipos sexistas que reflexan desigualdades sociais: as mulleres aparecen nomeadas só en 20 de cada 100 centros galegos e cando aparecen fanno polo triste mérito de ser muller de dictador ou director xeral de ensino... sen embargo ningún home

aparece na categoría consorte.


Para que a escola deixe de ser transmisora de desigualdades é necesario que cambie parte da cultura que transmite tanto na súa forma escrita e oral como nos roles e prácticas que circulan polo sistema educativo. Por eso instamos as autoridades educativas, consellos escolares e claustros dos centros que fomenten o uso dos nomes de mulleres representativas no ámbito da historia, da cultura, da ciencia... para nomear os centros educativos galegos

## Algunhas reflexións sobre os datos


- Chama a atención que o 30% dos centros galegos teña nome de personaxe relixioso cando estamos falando de que o que leva esta nomenclatura son centros de ensino laico. Si nos centramos no grupo de centros con nome feminino máis da metade, o 53%, dos centros leva nome de personaxe relixioso feminino.
- Vemos que nos centros docentes con nome masculino un 32 % pertencen o grupo que denominamos intelectuais ( escritoras e escritores, editoras e editores...) mentres que nos que teñen nome feminino so o 22% son intelectuais. Pero si nos adentramos neste último grupo vemos que hai 10 centros galegos que se chaman Rosalía de Castro. ¿Será que non hai na Galiza outras escritoras merecedoras de que un centro escolar leve o seu nome?
- Si analizamos os datos en números absolutos vemos que só levan nome de docente feminino 8 centros galegos fronte aos 44 centros con

nome masculino. Por que ocorre isto cando estamos a falar dunha profesión na que o 70% dos docentes son mulleres?


- Queremos salientar a pouca porcentaxe de centros que levan nome de artista, e de artistas mulleres en particular. Existen en Galiza tres veces máis de centros con nomes de militares (masculinos por suposto) que de mulleres artistas.
- Só unha muller aparece no grupo que denominamos outras profesións, na que incluímos médicos e medicas, historiadores e historiadoras, enxeñeiros e enxeñeiras, matemáticos e matemáticas, arquitectos e arquitectas e astrónomos e astrónomas... mentres que si hai 50 nomes de homes neste apartado.
- En Galiza hai 26 centros con nome de político masculino, o que supón un 7% ,mentres que nesta categoría non aparece ningún centro con nome de muller adicada á política.



## Centros con nome masculino



## Centros con nome feminino



## DE MEL

### LEI ORGÁNICA DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

O 23 de xuño de 2006 foi aprobada polo Consello de Ministros a Lei Orgánica de Igualdade entre Mulleres e Homes. Esta Lei pretende facer efectivo o principio de igualdade de trato e a eliminación de toda a discriminación contra as mulleres.

Na mesma contéplanse medidas que afectan á vida política, xurídica e social. Recoñécese o dereito á conciliación da vida persoal e laboral. Fixanse determinadas medidas para fomentar e

tutelar a igualdade no ámbito laboral, nas Administracións públicas o en materia de Seguridade Social, así coma nas listas electorais. No terreo educativo a Lei fai referencia á Educación en igualdade, libre e non discriminatória.

Contempla a creación do Consello a Muller como canle para a participación das organizacións de mulleres no desenvolvemento das políticas públicas.

### OS MICROCRÉDITOS NA INDIA

Os microcréditos son empregados tanto por organizacións gobernamentais como non gobernamentais na loita contra a pobreza, tendo

como obxectivo promover as iniciativas das mulleres máis pobres e as comunidades ás que pertencen

## E FEL

**Todo sigue igual**, comezamos o 2007 e van 7 mulleres asasinadas, no ano 2006 foron 96 as **mulleres** vítimas das súas parellas ou exparellas.

De nada nos serven leis como a Lei Integral contra a violencia de xénero, se son 103 mulleres mortas que estaban pedindo protección, amparo e axuda; non llelo brindamos e agora estas mortes deben pesar sobre a conciencia de todos nós. A cifra é escandalosa, como escandaloso é o feito de que as cifras oficiais non recollan o número de mulleres mortas polas secuelas do

**Aínda falta moito por cambiar**; Na universidade o alumnado repártese entre o 57,2% que son mulleres e o 42,8% de homes, a descompensación aparece despois, cando analizamos datos como que no profesorado universitario o 65% son homes e o 35% son mulleres, e cando vamos subindo de escalafón os datos son cada vez máis sangrantes, temos 485 cate-

maltrato, que por cada **muller** morta outras moitas sofren malos tratos continuados e degradantes, que as anulan como **mulleres**.

Como mulleres, conscientes de que a violencia contra as mulleres conta cunha ampla base social que a lexítima, demandamos a toda a sociedade un esforzo común para erradicar esta situación. **Non** podemos mirar para outro lado, **non** fagamos oídos xordos as súas queixas. **Non** podemos calar ante esta situación e deixar de lado o desamparo co que se quedan as familias. Temos que seguir denunciando.

dráticos universitarios fronte a 76 catedráticas.

O teito de cristal non remata de rachar, nunca na historia da humanidade as mulleres estívenos tan preparadas, pero tamén nunca na historia da humanidade "ser muller" abrangía tal cantidade de esforzos. As que cambiamos somos nós, pois temos que conxugar de xeito equilibrado a nosa vida profesional e familiar.

# Elix: compartir ou discriminar

As mulleres temos un papel importantísimo na economía. Realizamos a maioría do traballo que supón o coidado e a reprodución humana. Este traballo silenciado no ámbito económico, chegaría a representar entre un 15 e un 20% do PIB (Producto Interior Bruto). Un traballo que é a base do resto da produción económica e que permite, ao non estar valorado, a acumulación e a ganancia capitalista. Ademais, outorgarnos a exclusividade nas responsabilidades domésticas o que serviu de escusa ao longo dos tempos, para contemplar a inclusión das mulleres no mundo laboral como algo temporal ou complementario do seu traballo natural no fogar. Iso xerou e segue a manter as diferenzas salariais e a maior presenza feminina en sectores laborais precarizados e na economía somerxida.

Se calculáramos a cantidade de bens e servizos que unha sociedade tería que xerar para cubrir o traballo da reprodución e o coidado humano veríamos que se trata

## Actos da MMM

### A Coruña

- Concentración o 8 de Marzo ás 20:30 na Praza do Obelisco
- Cine Forum o 9 de Marzo ás 20:00 na Saa de Prensa da Fundación Caixa Galicia. Proxectan: "Pan e Rosas"

### Compostela

- Concentración: o 8 de Marzo Na Praza 8 de marzo ás 20:30

### Vigo

- o 8 de marzo na Praza de Portugal

dun traballo impagábel. Compartir ese traballo é a única opción para que deixe de ser discriminatorio para

as mulleres.

Trátase dunha elección simple: **compartillar ou discriminar**. Non se trata só dunha elección individual que afecta as persoas que conviven xuntas ou teñen responsabilidades familiares, tratase dunha elección que abrangue tamén as estruturas económicas, sociais e políticas. Elixir entre compartillar ou discriminar, significa esquecer a acumulación de beneficios e capital a costa de condicións laborais que non permiten nin aos homes nin ás mulleres, a conciliación da vida laboral e familiar. Significa elixir políticas que invistan e afortalen o sector público, redes asistenciais e servizos que axuden a esa conciliación. Significa elixir modelos sociais (educacionais, relixiosos, de lecer, afectivos, sexuais, políticos...) de igualdade. O feminismo coloca así a toda a sociedade nunha encrucillada onde só se poden seguir dúas direccións: a do cambio social que permita compartillar o traballo que sustenta a existencia da Humanidade, ou o camiño da perpetuación da discriminación das mulleres,

## Para ver...

**BARÁN** (Chuvia)  
Madjd Majidi




Unha rapaza faise pasar por rapaz para poder traballar na construción no extrarradio de Teherán. Por mor de un accidente laboral este "rapaz" convértese no "encargado" facendo un sorprendente

traballo de dignificación do espazo que todos eles comparten. Acábase por descubrir este acontecemento que imprimirá un rumbo inesperado na súa vida. O director Majidi Majidi recala na forza do amor como elemento de coñecemento, dignificador e liberador: aprendemos do sufrimento dos pobos na desgraza de Barán e da súa familia. E, de aí, abrolla o seu xeneroso compromiso coa sempre incompleta reparación da dor infrinxida nas súas vítimas.

**Las tortugas también vuelan**  
Bahman Ghobadi.

Na rutina cotiá das nenas e nenos dun campo de refuxiados Kurdos, a diferenciación por sexo, idade e pertenza a diferentes territorios, estará presente nas relacións; pero será a diferenza de xénero a máis arripeante. Tamén nas situacións estremas, como esta, as mulleres levamos cargas superiores ás dos homes.

Será Agrin, quen padeza o maior sufrimento: obrigada a ser nai despois de ser violada polo exército, e tendo que encargarse de todo o preciso para o seu fillo e o seu irmán sen brazos. O rexeitamento de Agrin á súa situación provocará que non vexa máis saída que escapar, sempre saír correndo e non profundar relacións con ninguén, incapaz de atopar algo positivo no mundo, poñendo de manifesto a parálise afectiva que sofre unha nena obrigada a ser nai.



**O club da calceta** María Reimóndez. Ed. Xerais

Tece relacións e solidariedades, tece para lembrar, tece para esquecer, tece para mudar, tece como Penélope...

Vidas dispares de mulleres diferentes enlázanse nun novelo de lá de autoconciencia e afán de superación. A calceta como actividade sanadora, porque recupera as mans e deixa a cabeza voar, porque se comparte tempo sen présas, porque nos retrotrae ao tempo dos traballos comunitarios das mulleres onde coas prendas de vestir ou do fogar se tecían tamén os afectos e a vida.

Un curso de calceta reúne ás protagonistas da novela, que van narrando de unha en unha e en primeira persoa os avatares das súas vidas, tomando conciencia das situacións de inxustiza e discriminación que sofren. A partir de aquí as transformacións individuais e do grupo son sorprendentes e inesperadas.

A novela ten certas doses de intriga, resulta entretida e doada de ler e serve para deitar a mirada crítica sobre moitas situacións que vivimos as mulleres na nosa sociedade.

María Reimóndez  
*O club da calceta*



**A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas**  
Varias autoras. SGI e Andaina

Esta obra dividida en sete capítulos de diferentes autoras ten como propósito **recuperar a memoria de todas esas mulleres que viviron os horrores da guerra, a tristura da posguerra, a violencia da represión ou o exilio**, pretende recobrar o recoñecemento social destas mulleres que non só foron esquecidas na historia da ditadura senón que seguiron nun segundo plano durante a maioría dos actos de celebración da "recuperación da memoria histórica".

É unha obra colectiva que nos axuda a coñecer esa parte da historia que sempre quedou oculta, a historia das mulleres. Nela retrátanse as vidas de diferentes mulleres, unhas con




nome propio: Tomasa Cuevas, Matilde Landa, Consuelo Rodríguez, Rosario "La Dinamitera", Pilar Fernández Seixas; outras anónimas: humilladas publicamente, rapadas, marcadas, violadas, paseadas. Delas temos o testemuño con voz propia de Lola Rodal que conta nunha entrevista a represión fascista que sufriu ela e a súa familia polo seu compromiso social, sindical e político.

Contamos ao remate do libro cunha bibliografía comentada que recolle algúns textos que fan referencia ao período da guerra e posguerra e que destacan as problemáticas e vivencias das mulleres.

TERESA MOURE

A PALABRA DAS FILLAS DE EVA



**A palabra das fillas de Eva.**  
Teresa Moure. Editorial Galaxia

"Dos cadernos de anotar a vida", así de suxectivo é o título que Teresa Moure lle dá a eses capítulos literarios que balizan unha interesante análise sobre o sexismo da linguaxe. Esta combinación de literatura e ensaio é en si mesma metáfora das teses que a autora sostén.

Supón a superación da rixidez do discurso académico masculino, demostrando que o diferente non é inferior

ou desaxustado, senón outro xeito de mirar, de pensar e de expresar. Recuperar a palabra perdida das mulleres, estudar as diferenzas entre linguaxe masculina e feminina e reivindicar unha nova linguaxe como motor de cambio do mundo, son algúns dos aspectos que atoparemos nesta obra. A formación académica da autora, Doutora en Lingüística Xeral, lexítima un discurso sempre denostado nese eido. A súa faceta de escritora de ficción convirte a obra nun texto ameno e versátil rescatándoo da rixidez propia do ensaio.